

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Ramón Piñeiro do 15/01/1974

Colección:

Data: 15/01/1974

De:

Luís Seoane;

Para:

Ramón Piñeiro;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Mencionados:

Isabel López García; Manuel Rodríguez Lapa; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Ramón Piñeiro do 15/01/1974

Buenos Aires, 15 de Xaneiro de 1974

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido amigo:

Recibín a separata da tua resposta a Rodrigues Lapa que me parecêu moi boa e que suscribo íntegramente. Non me explico como Rodrigues Lapa poido manter esa posición coñecendo, como él evidentemente coñece, os esforzos galegos encol do idioma e as difrenzas xa fondas entre o galego e o portugués, moi similares por outra parte ás que van distanciando o brasileiro do idioma de Portugal, moito mais importantes das que poden separar o castelán dos países latinoamericanos do castelán. Engadindo que no caso brasileiro media a influencia do castelán, aínda que nunha provincia arxentina, Misiones, se incorpore o portugués, brasileiro pódese decir, á enseñanza por se extender este idioma ó territorio arxentino. Mais eu desto sei moi pouco. Paréceme moi craro o teu traballo, e non soio provisto de unha grande lóxica senón moi atinado con respecto á realidade galega.

Agradézovos moito as vosas condolencias polo pasamento da miña nai. Nos lamentámonos ter saído desa moi poucos días de que ocorrise, deixámola ben e non podíamos prevelo. Mais non podemos deixar de pensar nelo. Temos tamén que agradecérevos as vosas atencións no tempo que estivemos en Galicia que foron moitas.

Unha grande aperta de Maruja e miña pra Isabel e pra tí de:

Seoane

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.